

COMPOSICIÓN HISTÓRICA. REINADO DE ISABEL II (1833- 1868)

Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto que teña por asunto central a vida política durante o reinado de Isabel II. Enfrontado desde os seus inicios á pretensión carlista (Doc. 1), os principais protagonistas do xogo político foron os progresistas (Doc. 2) e os moderados (Doc. 3), con claro predominio dos segundos. A aparición e desenvolvemento doutras forzas políticas opositoras ao réxime (Doc. 4) rematarían propiciando a caída da raíña por medio dun pronunciamento militar (Doc. 5), recurso frecuentemente utilizado para promover cambios de goberno. Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes referirte a elas na túa redacción.

Doc.1.-María Teresa de Braganza y Borbón, muller do infante Don Carlos, expón así algunhas das ideas do carlismo:

“Relixión, Patria e Rei (...). Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus (...). O liberalismo é puro absolutismo, porque se atribúe a si un poder que non lle vén de Deus, de quen prescinde, nin do pobo soberano, porque a este non se lle concede senón o van e ridículo dereito de depositar un billete nunha urna electoral”.

Doc.2.-Preámbulo da Constitución de 1837:

“Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz a dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes xerais, congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución”.

Doc.3.-Preámbulo da Constitución de 1845:

“Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.4.-En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei, un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

Doc.5.-As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

O reinado de Isabel II (1833 – 1868) comeza cun episodio máis da loita entre absolutismo e liberalismo no marco das Guerras carlistas, ao cal se fai referencia no doc. 1. Pero aínda que o Estado liberal se consolida en España, hai unha clara discrepancia entre progresistas (doc. 2) e moderados (doc. 3). A estos dous partidos, que dominan a vida política, hai que engadir a aparición de novas tendencias e grupos políticos que se opoñen a Isabel II e ao seu moderantismo (doc. 4). Será esa oposición a que acabe poñendo fin ao reinado, o cal virá precedido dun pronunciamento militar (doc. 5).

A loita entre absolutistas e liberais remóntase en España ao periodo da Guerra de Independencia (1808-14) e ao reinado de Fernando VII (1814-33).

Durante a guerra contra os franceses os liberais, aproveitando este feito e os aires revolucionarios que percorrían España, conseguiron impoñerse nas Cortes de Cádiz e iso deu lugar aos decretos e a Constitución de 1812, que poñían fin ao Antigo Réxime e sentaban as bases dun futuro Estado liberal. Pero esta situación chocou coas aspiracións de Fernando VII de continuar sendo un rei absolutista e restaurar moitos dos aspectos que definían ao Antigo Réxime (Inquisición, Mesta, gremios....)

En 1833 Fernando VII morre despois de anular a Lei Sálica e proclamar como herdeira a súa filla primoxénita, Isabel, en detrimento do que ata entón era considerado o sucesor, o seu irmán D. Carlos.

A minoría de idade de Isabel II, leva a asumir a rexencia a súa nai, M^a Cristina, que deberá facer fronte ao levantamento violento de D. Carlos e os seus partidarios, o que supón o inicio das Guerras carlistas (1833- 40). Trátase dun enfrontamento, non só entre dous candidatos ao trono, senón das dúas ideoloxías que cada bando representa: o absolutismo carlista fronte ao liberalismo dos isabelinos.

O absolutismo carlista e o rexeitamento que se fai do Liberalismo quedan recollidos no documento 1. Neste texto a dona de D. Carlos, M^a Teresa de Braganza, di que o Liberalismo debe ser rexeitado por negar a orixe divina do poder do rei, pero tamén pola súa defensa da soberanía nacional. Para M^a Teresa o feito polo cal o pobo, depositario do poder, llo transmite aos seus representantes, é dicir, mediante o voto, tampouco é lexítimo e ela o considera un dereito “van e ridículo”.

O levantamento carlista afectará sobre todo ao norte peninsular: Cataluña, Navarra e País Vasco; sendo as súas bases a nobreza, a Igrexa e o campesiñado que, ademais do absolutismo monárquico, defenden a recuperación dos seus foros e privilexios tradicionais.

Para facer fronte aos carlistas, M^a Cristina tivo que buscar o apoio liberal, eso sí, fíxoo apoiándose no sector máis moderado ou conservador do Liberalismo, o cal se deixa ver nas súas primeiras medidas, como o Estatuto Real de 1834 ou o centralismo administrativo imposto a través da división provincial establecida na lei de Javier de Burgos.

Este moderantismo non contenta aos liberais máis progresistas que, mediante un pronunciamento militar (o motín de La Granja, 1836), queren obrigar á rexente a avanzar nas medidas liberais.

Como xa sucedera en anteriores etapas (reinado de Fernando VII) os militares, co apoio de certas forzas políticas e sociais, usan a forza para acadar, neste caso, un cambio de tendencia no goberno de M^a Cristina. Esta intervención dos militares na vida política, provocando cambios políticos á marxe do sistema electoral, converterase nunha constante no reinado de Isabel II. Este feito non só provocará situacións de violencia, senón tamén a consolidación do papel político do exército xa que os líderes de ditos levantamentos converteráanse nos presidentes dos gobernos xurdidos a raíz dos mesmos, exemplificando así a participación política acadada polos militares.

Concretamente o pronunciamento de 1836 será de signo progresista e unha das súas máis importantes consecuencias será a Constitución de 1837 (doc. 2). No seu preámbulo establécese que a Nación “en uso da súa soberanía”, e a través das Cortes Xerais, decreta unha nova constitución. Non é só a idea da soberanía nacional o que fai do texto de 1837 un claro referente progresista, senón tamén outros aspectos como a ampla declaración de dereitos, entre os que destaca a liberdade relixiosa. Ademais acompañarase doutras medidas, sendo seguramente unha das máis destacadas a desamortización de Mendizábal.

Pronto M^a Cristina abandonou este “progresismo” e iso derivou nun novo pronunciamento que acabará coa súa rexencia e dará paso á de Espartero, pero a súa política non contentou nin a moderados nin a progresistas, e, de novo pola forza, Espartero é afastado do poder, no momento en que a raíña é declarada maior de idade e asume personalmente as tarefas de goberno.

Desde este momento e ata a fin do seu reinado, o moderantismo caracterizará a evolución política de España, sendo a Constitución de 1845 (doc. 3) o seu piar básico. O texto iníciase coa referencia á soberanía. Neste caso, e como mostra do seu carácter moderado, establécese que “sendo a nosa vontade (a da raíña Isabel II) e a das Cortes... modificar a Constitución de 1837, vimos en decretar” a nova constitución, é dicir, a constitución establece a soberanía compartida. Esta traducirase nunha división de poderes que non é plena (a raíña terá o poder executivo e comparte coas Cortes o legislativo) e tamén noutros aspectos: sufraxio censatario, confesionalidade do Estado e o nomeamento dos senadores por parte da propia raíña. Haberá, ademais, outras medidas destacadas como a creación da Garda civil (1844) para protexer os intereses dos terratenentes fronte as reivindicacións campesiñas ou un Concordato co Vaticano (1851) polo que a Igrexa recuperaba moitas das súas prerrogativas e se lle permite intervir na ensinanza.

A marxinação dos progresistas do poder será unha constante; só chegan ao poder no bienio progresista, 1854-56, e fano a través dun pronunciamento militar. Finalizado este bienio, Isabel II volve confiar nos liberais moderados.

A actitude de Isabel II fai medrar unha cada vez máis forte oposición ao seu goberno e, chegado certo momento, fronte a propia raíña.

Nesa oposición non só están presentes os progresistas senón tamén, como se recolle no doc. 4, outros grupos ou tendencias políticas. Fronte aos moderados, que representan “as clases acomodadas e unha pequena parte das medias”, sitúanse os progresistas, defensores da soberanía nacional; os demócratas, que reclaman principios como a “liberdade individual e a soberanía nacional”, e finalmente os republicanos que representan as profesións liberais, traballadores,

artesáns e parte das clases medias, e reclaman a eliminación da monarquía, o sufraxio universal e unhas Cortes unicamerais.

Esta oposición en 1866 dá un paso definitivo coa firma do Pacto de Ostende. Nel non só se comprometen a avanzar no Liberalismo senón que para conseguilo é preciso poñer fin ao reinado de Isabel II.

Como noutras ocasións, esa postura desemboca nun pronunciamento, iniciado en Cádiz e liderado por Topete, Serrano e Prim (doc. 5). A sublevación pretende dar paso a un goberno provisional no que estean presentes “todas as forzas vivas” e que asegure a orde mentres non se celebren eleccións, unhas eleccións coas que se pretende “que o sufraxio universal bote os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

A sublevación de Topete pronto se estendeu a toda España e nela participarán non só militares e progresistas, senón toda a oposición e incluso sectores populares, que crearán xuntas revolucionarias ao grito de “Morran os Borbóns!”. O amplo seguimento político e social fixo do pronunciamento un movemento revolucionario, coñecido como “A Gloriosa”, que supuxo a fin do reinado de Isabel II e dará paso ao Sexenio democrático (1868 – 1874).